

**ACTA Nº 03-2012
DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
MUNICIPAL
- DIA 23/02/2012**

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes :

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE).-

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Concelleiros ausentes:

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Mª Belén Rodríguez Tourón

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:04 horas** reúnen os/as Concelleiros/as electos/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión ordinaria.

Constatada a presenza de todos os seus membros e polo tanto a existencia de quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, pola Presidencia declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDEN DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 26 de xaneiro de 2012.

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO 1/2012.

4º.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2012

5º.- DACION DE CONTA DO INFORME CONXUNTO DA INTERVENCIÓN E DA TESOURERÍA PREVISTO NO ARTIGO 4º E 5º DA LEI 15/2010, DE 05 DE XUÑO.-

6º.- MOCIONS DE URXENCIA.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 26 de xaneiro de 2012.-

Acta Nº 2 Sesión ordinaria do día 26 de xaneiro de 2012.

A Presidencia pregúntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

A Secretaria indica que pola interventora municipal se detectou un erro no punto terceiro da orde do día, aportando nota informativa cuxo contido é o seguinte:

RECTIFICACIÓN ACTA PLENARIA 26/01/2012

Advertido erro no número de expediente extraxudicial incluído como punto 3º da orde do día desa sesión plenaria, a pesar de estar indicado correctamente na proposta obxecto de aprobación, solicítase:

Rectificación de erro numérico no nomenclátor do punto 3º da orde do día de xeito que, onde pon "3º.- Expediente de recoñecemento extraxudicial 1/2011" debe poñer: "**3º.- Expediente de recoñecemento extraxudicial 1/2012**"

Non habendo ningunha outra observación ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes, coa rectificación numérica sinalada.-

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.-

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01 de xaneiro de 2012 ata o 31 de xaneiro de 2012, que comprenden os números 1/2012 ao 98/2012.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación:

- Acta Nº 1 Sesión extraordinaria do día 20 de xaneiro de 2012.
- Acta Nº 2 Sesión extraordinaria do día 31 de xaneiro de 2012.
- Acta Nº 3 Sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2012

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO 1/2012.-

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Visto o expediente sobre modificación de créditos do orzamento municipal de gastos para o actual exercicio, no que se inclúen transferencias de crédito da área de gasto 1 (concretamente da aplicación orzamentaria 162/227.95) á área de gasto 0 (concretamente da aplicación orzamentaria 011/310.00) por un importe de DOCE MIL TRESCENTOS NOVENTA E SETE EUROS (12.397,00 €).

Sendo o expediente tramitado en virtude da memoria da Alcaldía de data 13/02/2012 e providencia dictada como consecuencia daquela, supón a minoración do crédito de aplicacións orzamentarias, concretamente a 162/227.95, cuxas dotacións se estima reducibles sen perturbación do respectivo servizo para incrementar o crédito doutras aplicacións orzamentarias existentes, neste caso a 011/310.00.

Incorporado o preceptivo informe de intervención, con data 13/02/2012.

Discutidos tódolos pormenores que figuran na referida memoria, e que a modificación que se propón non producirá perturbación do servizo, nin do interese municipal, **esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:**

Primeiro: Aprobar o expediente *Transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto 1/2012*, que supón a baixa na confía do crédito da aplicación que a continuación se establece e o correlativo incremento do crédito da aplicación de gastos que tamén se especifica a continuación:

MINORACIÓN DA APLICACIÓN ORZAMENTARIA		
APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
162/227.95	recollida, eliminación, tratamento de residuos- SOGAMA	12.397,00 €
	IMPORTE TOTAL	12.397,00 €

INCREMENTO DA APLICACIÓN ORZAMENTARIA		
APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
011/ 310.00	débeda pública/ xuros	12.397,00 €
	IMPORTE TOTAL	12.397,00 €

Coas modificacións acordadas, o resumo por capítulos do vixente orzamento de gastos queda fixado segundo se detalla a continuación:

CAPÍTULOS.	Consignación antes deste expediente.	Disminucións por transferencia de créditos negativa	Aumentos por transferencia de créditos positiva	Total da consignación resultante.
1.- GASTOS DE PERSOAL.	2.342.743,71 €	0,00 €	0,00 €	2.342.743,71 €
2.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS.	1.957.668,47 €	12.397,00 €	0,00 €	1.945.271,47 €
3.- GASTOS FINANCIEROS.	129.127,52 €	0,00 €	12.397,00 €	141.524,52 €
4.TRANSFERENCIAS CORRENTES.	152.600,00 €	0,00 €	0,00 €	152.600,00 €
6.-INVESTIMENTOS REAIS.	84.543,91 €	0,00 €	0,00 €	84.543,91 €
7.TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
8.- ACTIVOS FINANCIEROS.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
9.- PASIVOS FINANCIEROS.	975.260,45 €	0,00 €	0,00 €	975.260,45 €
TOTAIS.....	5.641.944,06 €	12.397,00 €	12.397,00 €	5.641.944,06 €

Segundo: Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ó público, a efectos de reclamacións, na forma regulamentaria.

Terceiro: Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ámbolos dous trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 17/02/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Comeza a voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que xa se ve como se está a xestionar a Facenda municipal cun orzamento prorrogado, que o Partido Popular xa dixera que o orzamentado non chegaba e agora expedientes como este dalle a razón, e que parece que ao novo goberno ve ben o do goberno anterior. Así estamos que hai acollerse a unha operación de tesourería de 400.000€ que pagarán todos os veciños porque o goberno municipal non fai o orzamento xa. Engade que se delegue a recadación na Deputación Provincial.

O Alcalde pásalle o turno ao voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, quen di que o apuntado polo PP e que a día de hoxe estamos cun orzamento prorrogado, e sen embargo, non pregunta por qué é prorrogado. Pois ben, di, o é porque depende de moitas transferencias do Estado e da Comunidade Autónoma que aínda non as teñen remitidas ou aprobadas. O expediente que se presenta neste punto é unha transferencia de crédito dunhas partidas a outras. E en canto ao que di o PP da xestión recadatoria afirma que é exemplar xa que supera o 90% do recaudable. No tocante á operación de tesourería débese a que o goberno autonómico do PP adebeda a este concello 200.000€ e que non se conta que sexan abonados aínda (un xeito tamén de falsear os orzamentos sen aboarse pola Xunta de Galicia o que corresponde aos concellos). E de aí a explicación para esta transferencia e posible operación de tesourería aludidas.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que están a esperar que o goberno do Estado e o goberno da Xunta de Galicia aproben os seus propios orzamentos, mentres tense que tramitar expedientes como este que apoian.

A voceira do PP pide turno de réplica para engadir que mal está a facenda municipal se non hai ingresos propios e se depende das achegas e transferencias doutros, isto ademais de que os concellos teñen a obriga legal de aprobar os seus orzamentos no prazo estipulado. En calquera caso, se se vai facer unha operación de crédito é que a facenda está mal e reclama que se diga o que se ten que contar neste concello, o que resulta bastante importante, non sendo unha situación para felicitar-se. Tampouco antes votábanlle a culpa ao goberno anterior do Sr. Zapatero.

O Alcalde intervén para recoñecer que a situación económica e financeira dos concellos está mal, e el mesmo o dixo, non o ocultou, pero cando é un problema dos 315 municipios galegos, das Deputacións Provinciais, das CCAA e do Estado é porque estamos nunha situación de crise xeral, agás Ribeira que semella ir moi ben...o resto dos concellos están nunha situación comprometida. No caso de Rianxo non é unha maravilla e hay cousas que non se poden satisfacer, servizos prestados sen as achegas doutras Administracións (como acontece co de limpeza de praias). Hai concellos que teñen orzamento prorrogado dende fai anos e non pasa nada e ademais un dos problemas é o de cumprir o da estabilidade orzamentaria, e isto é bastante difícil de cumprir mentres non se reciben os cartos, ou porque se reducen como aconteceu no programa de servizos sociais. Comparte que o nivel de ingresos que se executa pode ser maior e explorar vías recaudatorias para acadar maiores ingresos, pero cree que se está a facer un bo traballo polo Servizo de Recadación.

No tocante á operación de Tesourería, o Alcalde di que principalmente débese ao atraso na recepción dos abonos das achegas ás que se comprometeron outras Administracións. Tamén coñece dunha nova liña ICO que pode ser interesante pedila para abordar os pagos aos provedores. Insiste en que o Concello de Rianxo non está economicamente ben, non é a panacea, pero non por elo se pode dicir que o grupo de goberno non está a traballar e que a visión sexa catastrofista. Tampouco ve exemplos noutros lugares (Valencia, Madrid, Santiago...).

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 6 do BNG e 3 do PSOE-PSdeG), 0 abstencións e 6 votos en contra (os 6 do P.P.), do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

4.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2012.-

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Á vista do expediente sobre modificación de créditos do orzamento municipal de gastos para o actual exercicio, no que se engaden créditos extraordinarios por un importe de DOUSCENTOS DEZA OITO CON DEZASEIS EUROS (218,16 €), para facer fronte ás obrigas que deriven da adquisición dunha cámara fotográfica DMC-FS18, con funda e dúas tarxetas de memoria para o departamento da policía municipal.

Sendo que o expediente das modificacións se tramitou en virtude de providencia da Alcaldía de data 13/02/2012 e memoria xustificativa correspondente, utilizándose como recursos para a súa financiación baixas por anulación de aplicación orzamentarias cuxa dotación estimase reducible sen perturbación do respectivo servizo, constando no expediente informes de Intervención e demais regulamentarios.

Discutidos tódolos pormenores que figuran na referida memoria, obxecto e finalidade dos novos créditos, considerando o carácter urxente das obrigas a cargo da Corporación e que as modificacións que se propoñen non producirán perturbacións dos servizos nin dos intereses municipais, **esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Aprobar a proposta de modificación de créditos referida pola cantidade reflectida debendo proceder ás anotacións contables na aplicación que se reflicten na memoria, segundo se motivou no expediente, o resumo do cal é o que a continuación se detalla,

MINORACIÓN DA APLICACIÓN ORZAMENTARIA POR BAIXA POR ANULACIÓN		
APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
132/226.99	Seguridade e orde público/outros gastos diversos	218,16 €
	IMPORTE TOTAL DA BAIXA POR ANULACIÓN	218,16 €

INCREMENTO DA APLICACIÓN ORZAMENTARIA POR CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS		
APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
132/626.00	Seguridade e orde público/equipos para procesos de información	218,16 €
	TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS.	218,16 €

Coas modificacións acordadas, o resumo por capítulos do vixente orzamento de gastos queda fixado segundo se detalla a continuación:

CAPÍTULOS.	Consignación antes deste expediente.	Disminucións por baixas por anulación	Aumentos por crédito extraordinario	Total da consignación resultante.
1.- GASTOS DE PERSOAL.	2.342.743,71 €	0,00 €	0,00 €	2.342.743,71 €
2.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS.	1.957.668,47 €	218,16 €	0,00 €	1.957.450,31 €
3.- GASTOS FINANCIEROS.	129.127,52 €	0,00 €	0,00 €	129.127,52 €
4.TRANSFERENCIAS CORRENTES.	152.600,00 €	0,00 €	0,00 €	152.600,00 €
6.-INVESTIMENTOS REAIS.	84.543,91 €	0,00 €	218,16 €	84.762,07 €
7.TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
8.- ACTIVOS FINANCIEROS.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
9.- PASIVOS FINANCIEROS.	975.260,45 €	0,00 €	0,00 €	975.260,45 €
TOTAIS.....	5.641.944,06 €	218,16 €	218,16 €	5.641.944,06 €

Segundo.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ó público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

Terceiro.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ámbolos dous trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 17/02/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal do Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran manifesta estar de acordo con que se dote á Policía Local de ferramentas para poder facer o seu traballo, mais hai unha factura onde non sae a razón social.

A interventora apunta que é un albarán, un orzamento.

A concelleira Vanesa Martinez di que estaban de acordo pero que lles chamou a atención.

O Alcalde comenta que lle dirá ao Departamento de Policía Local que tamén pida tres orzamentos como se está a facer noutras áreas.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que esta de acordo co orzamento de 218 € que obtivo a Policía.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que non lle parece cara, sendo o propio do custe dunha cámara e o aproban.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 6 do BNG e 3 do PSOE-PSdeG), 6 abstencións (os 6 do P.P.), e 0 votos en contra do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

5.- DACION DE CONTA DO INFORME CONXUNTO DA INTERVENCIÓN E DA TESOURERIA PREVISTO NO ARTIGO 4º E 5º DA LEI 15/2010, DE 05 DE XUÑO

O Sr.Alcalde da conta do informe conxunto emitido pola Intervención e Tesourería municipal o día 17 de febreiro de 2012, cuxo contido é o que segue:

<<INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN

Asunto: Informe emitido en cumprimento das obrigas previstas na **Lei 15/2010**, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen **medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais**.

1.- LEXISLACIÓN APLICABLE :

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

2.- ANTECEDENTES:

- Rexistros das facturas no rexistro que leva a intervención municipal de facturas como control para a súa contabilización.
- Contabilidade municipal

3.- INFORME :

PRIMEIRO.- Tendo en conta que a Lei 15/2010, de 5 de xullo, entrou en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOE (data de publicación 06/07/2010) en virtude da Disposición transitoria primeira da Lei, que establece que "esta Lei será de aplicación a todos os contratos celebrados con posterioridade a súa entrada en vigor", entenderáse que, as facturas rexistradas con anterioridade ao 7 de xullo dese ano non se verían afectadas polas disposicións que se atopan na mencionada lei.

SEGUNDO.- De acordo co previsto no artigo 4.3. da Lei 15/2010 os Tesoureiros o, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesa Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo

TERCEIRO.- Por outra banda, a periodicidade coa que se debe dar a información é trimestral, en principio o trimestre cumprese respecto ao último informe o 6 de xullo, pero por razóns de operatividade, esta tesourería e intervención optan por dar información trimestral, facendo coincidir esta cos trimestres naturais do ano, desta forma, o período deste informe remataría o 30 de decembro do 2011.

Cuarto.- Debe advertirse que as facturas en moitos casos non presentan rexistro de entrada no concello o que imposibilita á intervención coñecer a data de presentación por parte do contratista nas dependencias municipais. Así mesmo, faise constar que de conformidade co artigo terceiro, apartado tres, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas será dentro dos cincuenta e cinco días seguintes á data de expedición das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sendo este prazo de cincuenta días dende o 1 de xaneiro de 2011. Faise constar que, de conformidade coa interpretación da Xunta consultiva de contratación, o inicio do prazo é a data de expedición das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato sempre que o contratista tivera expedido e entregado a factura antes do acto formal de recepción de conformidade, en caso contrario iníciase a partir da data de recepción de dita factura. Por esta razón, salvo que no expediente de contratación conste outra data da que poida ter coñecemento esta tesourería ou intervención, tómase coma data de referencia para calcular a morosidade a data de rexistro da correspondente factura no rexistro ao que se refire o artigo 5 da Lei 15/2010.

Quinto.- Baixo as premisas anteriores, e consultadas as obrigas pagadas e pendentes de pago na contabilidade municipal á data de 30/12/2011 (incluíndose o día de remate do trimestre), procede a reflectirse os datos solicitados polo Ministerio de Economía e Facenda nos seguintes apartados:

a) pagos realizados no trimestre

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	PMP (días)	PMPE (días)	En plazo		Fuera de plazo	
			Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe
20. Arrendamentos e cánones	26,769	113,4534	21	71.523,54 €	6,00	6.156,98 €
21. Rep. Manten. e conservación	227,8231	178,5268	4	269,18 €	163,00	88.900,49 €
22. Material, subministro e outros	153,5671	151,3099	170	71.974,06 €	360,00	216.789,45 €
23. Indemnización por razón de servicio	0	0	0	0,00 €	0	0,00 €
24. Gastos publicacións	273	223	0	0,00 €	1	1.731,38 €
26. Trab. realizados por institucións sen fins de lucro	0	0	0	0,00 €	0	0,00 €
27. Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0	0	0	0,00 €	0	0,00 €
2. sen desagregar	0	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Gasto corrente pendente de aplicar ao orzamento	0	0	0	0,00 €	7	0,00 €
Inversións reais aplicadas ao orzamento (cap 6)	368,8505	329,0323	3	14.998,54 €	0	363.361,21 €
TOTALIS			198	158.765,32 €	537	676.939,51 €

a) Xuros de demora pagados no trimestre

Xuros de demora pagados no trimestre	Xuros de demora pagados no trimestre	
	nº de pagos	Importe total xuros
Gasto corrente en bens e servicios	1	408,98 €
Inversións reais	0	0,00 €
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0	0,00 €
sen desagregar	0	0,00 €
TOTAL	1	408,98 €

a) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE PAGO AO FINAL DO TRIMESTREII	PMPP (días)I	PMPPE (días)I	DENTRO PERIODO LEGAL DE PLAZO AO FINAL DO TRIMESTRE		FORA PERIODO LEGAL DE PLAZO AO FINAL DO TRIMESTRE	
			Nº operacións	Importe	Nº operacións	Importe
20. Arrendamentos e cánones	39,3465	77,8012	6	22.265,34 €	13	9.465,56 €
21. Rep. Manten. e conservación	138,0462	112,7800	124	37.646,14 €	259	187.758,85 €
22. Material, subministro e outros	110,9762	99,8794	214	176.861,19 €	660	430.697,58 €
23. Indemnización por razón de servicio	0,0000	0,0000	0	0,00 €	0	0,00 €
24. Gastos publicacións	0,0000	0,0000	0	0,00 €	0	0,00 €
26. Trab realizados por institucións sen fins de lucro	0,0000	0,0000	0	0,00 €	0	0,00 €
27. Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,0000	0,0000	0	0,00 €	0	0,00 €
2. sen desagregar	0,0000	0,0000	0	0,00 €	0	0,00 €
Inversións reais	115,8756	97,0882	5	106.645,55 €	9	360.715,83 €
TOTALS			349	343.418,22 €	941	988.637,82 €

Sexto.- O apartado cuarto do artigo 5º da Lei 15/2010, de 5 de xullo, establece que a Intervención incorporará unha relación das facturas ou documentos xustificativos emitidos polos contratistas a efectos de xustificar as prestacións realizadas por estes, con respecto aos cales transcorreran mais de tres meses dende a súa anotación no rexistro contable e para os que non se tramitara o correspondente expediente de recoñecemento de obrigas, ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación destes, ao informe trimestral ao Pleno que elabora o Tesoureiro sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local.

Sétimo.- De acordo co punto anterior do informe incorpóranse ao presente, pola intervención, as facturas ou documentos xustificativos para os que transcorreron mais de tres meses dende a súa anotación no citado rexistro sen que, a 30/12/2011, se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento de obrigas ou sen que se xustificase polo órgano xestor a ausencia da súa tramitación. Advírtese por esta intervención que o programa contable entende que deben pasar tres meses dende a data posterior entre a data de alta no rexistro de facturas e a data de conformidade coa prestación a que se refira. O programa no caso de non estar conformadas. Por tanto baixo estas premisas a relación de facturas concrétese nas seguintes:

	Nº Fact	NºReg.	Proveedor y Concepto	Importe
1	219	1192	Fotos Pepe Gastos fotográficos diversos actos protocolarios	6.962,00 €
2	218	1193	Fotos Pepe Gastos fotográficos diversos actos protocolarios	1.475,00 €
3	181/11	1417	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Instala novo armario Paseo Marítimo lg. de A Torre	5.120,08 €
4	1/2010	1420	Carmen Vicente Tubio Aluguer aparcamento praia As Cunchas verán 2010	1.204,08 €
5	321/09	1421	Pompas Funebres Europeas, S.L. Sepelio DªIgnacia Moraesde Paula sin recursos	1.326,10 €
6	016/2011	1422	JSTOP, Obras y Servicios, S.L. Peche pista deportiva Campo da Ponte-Araño	1.999,73 €
7	Y/1337	1423	E.Varela e Hijos, S.L. Melloras no alumeadado do Campo Fútbol de Vilas	39.007,17 €
8	AG10-00043	1707	Aquagest Canon Saneamento(augas de Galicia) anualidade 2010	1.613,55 €
9	218-11	1734	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Traballos do Serán do Mar 2011	365,80 €
10	222-11	1735	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Traballos en Festas Sacramento 2011	600,01 €

11	SO-1100137	1736	Soelga Colocación de 4 motores barras no Auditorio	2.624,32 €
12	950666862	1756	Kone elevadores, S.A. Mantemento ascensor Museo do Mar. Xullo 2011	287,61 €
13	950690194	1757	Kone elevadores, S.A. Mantemento ascensor Museo do Mar. Agosto 2011	287,61 €
14	03110610068244	1788	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Polideportivo Taragoña. Xuño 2011	145,58 €
15	03110610235141	1789	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Campo Fútbol de A Lomba. Xuño 2011	370,93 €
16	03110610274334	1790	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Cultura Rianxo. Xuño 2011	287,18 €
17	03110610081120	1793	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Museo do Mar. Xuño 2011	194,02 €
18	03110610258894	1806	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Clínica de Taragoña. Xuño 2011	60,45 €
19	01110612847072	1871	Gas Natural S.U.R. Alumeado público. Castillo. Xuño 2011	1.606,37 €
20	V/4605	1903	E.Varela e Hijos, S.L. 10 rolos de cinta sinalización	52,00 €
21	X/867	1904	E.Varela e Hijos, S.L. Pila mando do vehículo U.M. 01	1,40 €
22	A-609	1905	NEUMÁTICOS PEDRO-Pedro Seco Rañó Lavar Fiat Ulysse e Renault Escenic o 01-08-2011	49,23 €
23	A-608	1906	NEUMÁTICOS PEDRO-Pedro Seco Rañó Lavar Sangyon e alinear dirección 4x4 o 31-08-2011	820,97 €
24	A-626	1983	NEUMÁTICOS PEDRO-Pedro Seco Rañó Lavar vehículo 1881-GHB o día 08-09-2011	24,61 €
25	A-628	1984	NEUMÁTICOS PEDRO-Pedro Seco Rañó Varios arranxos e lavar o vehículo 5656-GJY	82,91 €
26	201100066	1989	Manuel Anxo Ordóñez Sayans Retirada vehículo M-8576-YS o día 24-08-2011	71,20 €
27	03110410081510	1990	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Clínica de Taragoña. Abril 2011	342,88 €
28	03110410071626	1991	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Polideportivo de Taragoña. Abril 2011	259,51 €
29	03110410078450	1996	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Campo Fútbol ALomba. Abril 2011	765,12 €
30	03110410087264	1998	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Museo do Mar. Abril 2011	307,09 €
31	03110410071627	1999	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado público. Brión. Abril 2011	1.609,43 €
32	03110410122513	2000	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Xens. Abril 2011	815,30 €
33	03110410122223	2001	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Burato. Abril 2011	326,94 €
34	03110410112282	2002	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Burata. Abril 2011	301,24 €
35	03110410117405	2003	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Laxe. Abril 2011	827,38 €
36	03110410120498	2004	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Té. Abril 2011	1.146,11 €
37	03110410122517	2005	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Cultura Rianxo. Abril 2011	291,35 €
38	03110410125101	2006	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Biblioteca. Abril 2011	1.070,73 €
39	03110410179902	2007	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Carballeira. Abril 2011	259,81 €
40	03110410146204	2008	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Rianxiño. Abril 2011	818,94 €
41	03110410253728	2009	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Tronco. Abril 2011	975,23 €
42	03110410253888	2010	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Centro Cultural Sestelo. Abril 2011	130,07 €
43	03110610291911	2011	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Centro Cultural Sestelo. Xullo 2011	107,05 €
44	03110610315896	2013	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Rúa deAbaixo. Xullo 2011	1.720,04 €
45	03110710027821	2014	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Quintáns. Xullo 2011	890,46 €
46	03110710026490	2015	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Rial. Xullo 2011	769,71 €
47	03110710032728	2016	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Vacariza. Xullo 2011	521,98 €

48	03110710124436	2017	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado escolas. Colexio Brea Segade. Xullo 2011	592,34 €
49	03110710126479	2019	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Campo Fútbol de Vilas. Xullo 2011	346,75 €
50	03110710117179	2021	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Polideportivo de Taragoña. Xullo 2011	122,39 €
51	03110710122086	2022	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Clínica de Taragoña. Xullo 2011	130,47 €
52	03110710126847	2024	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Museo do Mar. Xullo 2011	206,23 €
53	03110710117628	2025	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado escolas. Colexio Rianxo. Xullo 2011	714,21 €
54	03110710149807	2026	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado Público. Brión. Xullo 2011	953,92 €
55	01110712269765	2045	Gas Natural S.U.R. Alumeado. Punto Limpo. Xullo 2011	28,26 €
56	01110711273705	2047	Gas Natural S.U.R. Alumeado. Polideportivo de Rianxo. Xullo 2011	409,35 €
57	01110712304144	2048	Gas Natural S.U.R. Alumeado. C.Fútbol Sta. Lucía. Xullo 2011	68,11 €
58	01110711172231	2065	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. IrmánsInsua. Xullo 2011	160,55 €
59	01110710602628	2066	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Somoza. Xullo 2011	2,22 €
60	01110712571212	2067	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Ourille. Xullo 2011	7,58 €
61	01110710585370	2068	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Burato. Xullo 2011	9,33 €
62	01110712160389	2069	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Cruceiro. Xullo 2011	10,24 €
63	01110712160386	2070	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Chorente. Xullo 2011	11,13 €
64	01110712623312	2071	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Praia de Sartaxes. Xullo 2011	28,26 €
65	01110613010930	2072	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Praia de Sartaxes. Xullo 2011	28,48 €
66	01110712101938	2073	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Burata. Xullo 2011	28,57 €
67	01110712101939	2074	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Cubide. Xullo 2011	30,76 €
68	01110712428146	2075	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Brión. Xullo 2011	32,28 €
69	01110712145847	2076	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Corques. Xullo 2011	33,54 €
70	01110710566175	2077	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Burato. Xullo 2011	35,09 €
71	01110712648881	2078	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Or (Leiro). Xullo 2011	41,39 €
72	01110712167193	2079	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Casilla. Xullo 2011	44,50 €
73	01110712685300	2080	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Rañó. Xullo 2011	46,91 €
74	01110712295986	2081	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Pazo. Xullo 2011	48,30 €
75	01110712199785	2082	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Corques. Xullo 2011	48,87 €
76	01110712160152	2084	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Cruceiro. Xullo 2011	49,29 €
77	01110712485085	2085	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Castiñeiriña. Xullo 2011	52,23 €
78	01110712256366	2086	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Fachán. Xullo 2011	53,65 €
79	01110712232748	2087	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Lustres. Xullo 2011	56,60 €
80	01110712520822	2088	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Campelo. Xullo 2011	59,80 €
81	01110712601334	2089	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Vilar. Xullo 2011	61,50 €
82	01110712536382	2090	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Pastoriza. Xullo 2011	66,07 €
83	01110712365581	2091	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Ermida. Xullo 2011	76,63 €
84	01110612894654	2092	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Or (Leiro). Xullo 2011	79,73 €

85	01110712656846	2093	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Meiquiz. Xullo 2011	80,05 €
86	01110712110622	2094	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Castriño. Xullo 2011	81,34 €
87	01110712365576	2095	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Toural. Xullo 2011	82,97 €
88	01110712365572	2096	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Lemos.Xullo 2011	83,77 €
89	01110712164767	2097	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Paradela. Xullo 2011	86,19 €
90	01110712296353	2098	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Mámoa.Xullo 2011	89,09 €
91	01110712617724	2099	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Cerqueiras. Xullo 2011	89,48 €
92	01110710450582	2100	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Vacariza. Xullo 2011	89,86 €
93	01110712195667	2101	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Fonte Susán. Xullo 2011	100,22 €
94	01110710441484	2102	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Sestelo. Xullo 2011	101,87 €
95	01110712410688	2103	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Foxacos. Xullo 2011	105,69 €
96	01110712313871	2104	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Pousada. Xullo 2011	107,40 €
97	01110712576451	2105	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Castillo. Xullo 2011	107,69 €
98	01110712549515	2106	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Tronco. Xullo 2011	109,61 €
99	01110612973023	2107	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Vilar.Xullo 2011	112,83 €
100	01110612879770	2108	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Pastoriza. Xullo 2011	113,14 €
101	01110712250704	2109	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Vilas.Xullo 2011	117,40 €
102	01110712514503	2110	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Outeiro. Xullo 2011	117,96 €
103	01110712398343	2111	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Miráns. Xullo 2011	123,44 €
104	01110712328504	2112	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Lemos.Xullo 2011	129,87 €
105	01110613004502	2113	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Campelo. Xullo 2011	131,43 €
106	01110712317977	2114	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Barral. Xullo 2011	135,20 €
107	01110712559532	2115	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Tanxil. Xullo 2011	139,59 €
108	01110612980676	2116	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Sestelo. Xullo 2011	150,80 €
109	01110612910434	2117	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Meiquiz. Xullo 2011	150,98 €
110	01110612929694	2118	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Ourille. Xullo 2011	155,93 €
111	01110712342203	2119	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. A Capela. Xullo 2011	161,28 €
112	01110712704487	2120	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Rañó. Xullo 2011	161,31 €
113	01110712649433	2121	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Rial. Xullo 2011	162,73 €
114	01110612996584	2122	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Cerqueiras. Xullo 2011	170,99 €
115	01110712164586	2123	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Igrexa. Xullo 2011	192,48 €
116	01110712131620	2124	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Igrexa. Xullo 2011	206,25 €
117	01110712391312	2125	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Traba.Xullo 2011	207,23 €
118	01110712259092	2126	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Carballal. Xullo 2011	217,05 €
119	01110612908793	2127	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Isorna. Xullo 2011	217,73 €
120	01110712295984	2128	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Chorente. Xullo 2011	253,42 €
121	01110612895072	2129	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Rial. Xullo 2011	319,47 €

122	01110612987159	2130	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Rafió. Xullo 2011	346,12 €
123	01110710389271	2131	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Abuín.Xullo 2011	359,17 €
124	01110710435760	2132	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Vacariza. Xullo 2011	386,90 €
125	01110612975363	2133	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Outeiro. Xullo 2011	518,40 €
126	01110710231992	2134	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Arcos Moldes. Xullo 2011	805,62 €
127	01110612869099	2135	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Paseo da Ribeira. Xullo 2011	2.728,56 €
128	01110612868981	2136	Gas Natural S.U.R. Alumeado Público. Campo de Arriba. Xullo 2011	3.344,98 €
129	008/11	2143	Escola de Musica de Rianx Actuacións o 27-08-2011 e 13-09-2011	3.400,00 €
130	2011-11	2403	Construcciones Oñial, S.L. Pavimentación urb. entorno do Auditorio	34.864,17 €
131	2011-09	2404	Construcciones Oñial, S.L. Demolición e arranxo terreo urb. entorno Auditorio	33.574,34 €
132	2011-10	2405	Construcciones Oñial, S.L. Instalacións urba. entorno do Auditorio	21.178,94 €
133	000977	2406	Television Barbanza S.L. Reportaxe Feira Mariñeira 2011 de 16 minutos	2.360,00 €
134	001026	2407	Television Barbanza S.L. Reportaxe Festa da Xouba2011 de 22 minutos	2.360,00 €
135	224/11	2840	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Arranxos no Pase Marítimo vandalismo 23-06-11	902,11 €
136	223/11	2841	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Arranxo alumeado soportales Paseo da Ribeira	148,68 €
137	204/11	2842	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Traballos feitos no lg. de Campo Maneiro	762,07 €
138	197/11	2843	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Reposición bobinas fontes (Barca) Paseo portuario	125,08 €
139	196/11	2844	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Traballos feitos nas fontes do Parque Galicia	194,16 €
140	195/11	2845	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Arranxo placa electrónica fonte Paseo da Ribeira	139,00 €
141	194/11	2846	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Arranxo avería eléctrica. Rianxiño-Barral	101,98 €
142	193/11	2847	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Arranxo pantalla iluminación Paseo da Ribeira	34,27 €
143	192/11	2848	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Arranxo de columna-báculo urb. Rianxiño	127,44 €
144	191/11	2849	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Arranxo punto de luz en Río de Cima	28,32 €
145	190/11	2850	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Traballos feitos na escola unitaria Abuín	43,01 €
146	189/11	2851	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Arranxo de alumeado urb.Virxe de Guadalupe	128,08 €
147	188/11	2852	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Revisión e mantemento caldeira de calefacción	127,44 €
148	186/11	2853	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Arranxo avería eléc. xardíns do Paseo da Ribeira	296,76 €
149	185/11	2854	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Traballos feitos no parking municipal	266,60 €
150	Y/1517	2856	E.Varela e Hijos, S.L. Arranxo alumeado público en Corques	519,20 €
151	Y/1516	2857	E.Varela e Hijos, S.L. Arranxo tendido alumeado público en Laxe	290,28 €
152	Y/1468	2858	E.Varela e Hijos, S.L. Arranxos por retirada poste luz en Araño	226,63 €
153	Y/1467	2859	E.Varela e Hijos, S.L. Arranxos en pista polideportiva de Asados	387,98 €
154	Y/1465	2860	E.Varela e Hijos, S.L. Colocación e retirada pancartas Distribunosa	141,60 €
155	Y/1464	2861	E.Varela e Hijos, S.L. Arranxos Festa Antrospinos, festaveiñal Sta.Lucia	87,32 €
156	Y/1463	2862	E.Varela e Hijos, S.L. Arranxo Centro de saúde de Taragoña	61,31 €
157	Y/1462	2863	E.Varela e Hijos, S.L. Sustitución lámpadas semáforos avisou Policía	55,46 €
158	Y/1456	2864	E.Varela e Hijos, S.L. Arranxo alumeado público Taragoña pedido Gabi	4.412,46 €

159	Y/1407	2865	E.Varela e Hijos, S.L. Reposición porta fusibles en Dorna noite San Xoán	200,60 ¢
160	Y/1406	2866	E.Varela e Hijos, S.L. Arranxo e substitución alumeadado público Carballal	172,28 ¢
161	Y/1405	2867	E.Varela e Hijos, S.L. Reposición fusibles alumeadado público Laxe	165,20 ¢
162	Y/1404	2868	E.Varela e Hijos, S.L. Reposición acometida eléc. alumead.público Burato	215,94 ¢
			Importe total	207.424,01 ¢

(*) Non deberían terse en conta as dúas facturas emitidas por Fotos Pepe (rexistros 1192 e 1193 do rexistro de facturas) porque se lle requiriu para a súa corrección, o 27/07/2011 (RXS 4136) sen que esta se tivera lugar á data actual.

Oitavo.- Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación Local deberá remitirse copia deste informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ós da Comunidade Autónoma que, con arranxo á normativa autonómica, teñan competencia na materia.

Noveno.- Esta intervención debe advertir que a data de elaboración do presente ten coñecemento da existencia de facturas que nalgúns casos teñen rexistro de entrada entre o 08/06/2011 e 21/10/2011 e noutros non se rexistraron de entrada no Concello por importe total de 38.436,13 €. Esas facturas se remitiron a intervención municipal para o seu rexistro o 23/01/2012, momento no que se procedeu ao seu rexistro. Para este optouse por que as facturas que fiñan rexistro de entrada no rexistro xeral do concello se desen de alta no rexistro de facturas da intervención coa data do rexistro xeral do concello e o resto que dese de alta con data 30/12/2011.>>

O Pleno dase por enterado.

6.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar o turno de rogos e preguntas, a **Presidencia pregunta se hai mocións.**

Unha vez sexa mencionada a moción polo grupo propoñente, someterase previamente a declaración de urxencia, e de acadar a mesma por maioría absoluta do número legal de membros que conforman a corporación, procederase ao debate e posterior acordo.

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

6.1.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G E PsdeG-PSOE RELATIVA A DECLARAR O 24 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO (RXE nº 1022, do 17/02/2012)

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, comenta someramente a moción que figura no expediente.

Sometese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** por unanimidade dos membros presentes, 15 dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do número legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, da lectura da moción:

<<Carlos Gey Hermo e Adelina Ces Quintáns, voceiros dos Grupos Municipais do PsdeG PSOE e do Bloque Nacionalista Galego de Rianxo presentan a seguinte MOCIÓN PARA DECLARAR O 24 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo o exposto é polo que Grupos Municipais do PsdeG PSOE e do Bloque Nacionalista Galego de Rianxo solicitan do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.
2. Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza no seu Calendario do Libro e da Lectura.
3. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares, veciños, veciñas e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Durán di que esta a favor.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que lle alegra que estean a favor, e Rianxo ten amosado o seu recoñecemento a esta poetisa co monolito no Paseo da Ribeira, quizas a escritora máis representativa da literatura galega e por elo están de acordo.

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 15 concelleiros (os 6 do BNG, 3 do PSOE-PSdeG e os 6 do P.P.), 0 abstencións e cero votos en contra, dos 17 membros que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

6.2.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G E PsdeG-PSOE CONTRA A SUBDAS ESCOLAS INFANTÍS PERTENCENTES Á XUNTA DE GALIZA (RXE nº 1023, do 17/02/2012)

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, comenta someramente a moción que figura no expediente.

Sometese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** por unanimidade dos membros presentes, 15 dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do número legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, da lectura da moción:

<<Carlos Gey Hermo e Adelina Ces Quintáns, voceiros dos Grupos Municipais do PsdeG PSOE e do Bloque Nacionalista Galego de Rianxo presentan esta MOCIÓN CONTRA A SUBA DE TARIFAS DAS ESCOLAS INFANTÍS PERTENCENTES Á XUNTA DE GALIZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Servizos Sociais de Galiza establece proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral. Así, a ampliación e mellora das escolas infantís de 0 a 3 anos, como recurso educativo e de prestación de servizos ás familias galegas, contribúe ao desenvolvemento integral dos nenos e das nenas e a fomentar a corresponsabilidade e conciliación da vida laboral e familiar.

A construción dunha rede pública galega de centros de educación infantil de 0 a 3 anos, de calidade e en cooperación cos concellos, foi unha peza fundamental para o logro deste obxectivo, e con esta finalidade creouse no anterior goberno da Xunta de Galiza o Consorcio Galego da Igualdade e o Benestar, que consolidou e ampliou a rede de escolas infantís públicas.

Cando o goberno do PP tomou posesión había 85 Galescolas ou escolas infantís en funcionamento, dispoñendo de 3.942 prazas. Ademais había outras rematadas ou a piques de ser rematadas e unha boa cantidade delas coa tramitación iniciada ou licitadas. O goberno do PP retrasou a posta en funcionamento de moitas delas e incumpriu moitos protocolos e acordos establecidos con numerosos concellos para a construción de escolas infantís.

Agora o goberno do PP inicia a privatización pola vía de urxencia deste servizo público nas novas escolas infantís que abrirán proximamente e incrementa escandalosamente os prezos públicos a pagar polas familias usuarias das mesmas, sen ter en conta a delicada situación de moitas familias que agrava a actual crise económica, os recortes sociais e a política impositiva do PP. Exemplos desta privatización que leva a cabo o PP é a que sofre a escola infantil de Monteporreiro, no concello de Pontevedra, a anunciada licitación da xestión privada das escolas de Betanzos e Carballo no que semella unha deriva que pode afectar a un futuro camiño privatizador da de Rianxo e o resto das escolas infantís galegas.

Ademais, o goberno do PP aprobou o pasado día 19 de xaneiro un incremento pola atención educativa que pasa de 110 euros a 160 euros, que supón un incremento de case o 50% e un incremento do 112% do servizo de comedor, que pasa a máis do dobre, de 33 euros a 70 euros. O fan aplicando os incrementos no IPC que se produciron desde 2002. Inicialmente esta medida non ía afectar a familias con rendas inferiores aos 1.500 euros, mais agora o reducen até os 1.200 euros. Trátase dunha política do goberno do PP que repercute aínda máis o custe da crise económica nas maiorías sociais, nas mulleres e nas familias monoparentais.

Por riba, un servizo básico como é o comedor soporta a maior suba, a pesar de que todas as familias que levan aos seus fillos e fillas coincidindo cunha xornada laboral sempre precisarán deste servizo para poder conciliar a súa vida familiar e laboral.

Por outra parte, o goberno do PP eliminou o orzamento de 2,5 millóns de euros destinado aos concellos para o mantemento das escolas infantís municipais, o que obrigará a que os concellos teñan que aplicar estes incrementos ou outros superiores.

O PP degrada un servizo público fundamental para as familias e as persoas con fillos ou fillas, para favorecer o lucro privado e impedindo o servizo da escola infantil a moitas familias que o necesitan, contribuíndo a agravar a situación económica das persoas e das familias neste momento de crise.

Por todo o exposto é polo que Grupos Municipais do PsdeG PSOE e do Bloque Nacionalista Galego de Rianxo solicitan do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Paralizar os procesos de privatización das escolas infantís apostando polo mantemento na esfera pública destes centros.
2. Que calquera revisión dos prezos públicos da escola infantil non supere o IPC do ano 2011 e que se teña en conta a capacidade económica das familias ou das persoas que precisan este servizo.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Durán di que van a deixar claro que non se está ante unha “privatización”. Trátase dun modo de externalizar a xestión. Isto é, os prezos son públicos, as ratios de persoal son públicas e a calidade está marcada polos servizos de inspección. Polo tanto estamos a falar dun centro no que só se externalizar a xestión. Seguirá a haber tarifas públicas, baremos de entrada públicas, as comisións de valoración para a admisión é pública e os estándares de calidade son os mesmos que os de calquera outra escola infantil. Non hai nada novo nin inventado, xa estaba previsto na Lei de Servizos Sociais de Galicia do ano 2008, aprobada polo goberno auto-

nómico do bipartito. Estamos a falar dun proceso de externalización a través dun concurso público, aberto a todo tipo de entidades, tanto de iniciativa privada como social. O que sorprende é que se tome como unha novidade, un recorte ou unha privatización cando todas as grandes cidades con escolas municipais (Santiago, Vigo, Lugo, A Coruña) teñen na súa maioría a xestión externalizada dende fai anos. ¿ Acaso é distinto se o fai a Xunta que o faiga un concello que “privatizarían as escolas” con gobernos socialistas ou bipartitos (Vigo). Di que se abandonen os alarmismos cando a realidade é que esta xestión indirecta non conleva perda de calidade nin diferencias de prezos para os usuarios.

Continúa a voceira do PP no tocante a pregunta no aire sobre se esta suposta “privatización” está vinculada coa suba do prezo das escolas, comenta:

- Sendo que os prezos públicos non os vai cobrar nin ingresar a concesionaria senón a Administración, tampouco hai relación directa entre o que se paga á adjudicataria – que está fixado no concurso- e o que ingresan os pais. Convén deixar claro que ás familias non lles supón diferenza na calidade do servizo o custe e a diferenza do modelo.
- Por outra banda, o que se acometeu foi unha reforma e actualización de prezos, respecto dos que non se actualizaba o IPC dende hai 10 anos, sen embargo a suba media (atención educativa e comedor) situarase nun 19,2%.

Engade a voceira que é un incremento progresivo e solidario que busca garantir a atención aos que teñan menos recursos e permita maiores achegas por parte dos que mais teñan. Así as rendas familiares de menos de 1.190€ non afrontarán ningún tipo de incremento. Nin sequera se lles aumenta o IPC acumulado dende 2002. E os usuarios que se sitúan nestes tramos supoñen o 50% dos totais da rede. Ademais as familias monoparentais que vostedes mencionan na súa moción disfrutarán das bonificacións ademais das familias numerosas e do caso de varios irmáns no mesmo centro. Cómpre que vexan a taboa da Consellería de Educación e á vista dela digan se ten ou non razón o Partido Popular, desta resulta:

- as familias con rendas de ata 1197€/mensuais o custo da gardería será de 33€ e do comedor 16,50.
- De ser rendas superiores a 3.200€/mensuais será de 160 a gardería e 70€ o comedor.

Está claro que aportan mais os que mais teñan tal e como pregonan vostedes.

Este incremento porase en marcha nas escolas dependentes da Xunta no próximo curso mentres que os concellos serán soberanos para implantar as súas tarifas, tanto en atención educativa como no comedor.

Remata dicindo que a rede da Xunta de Galicia con mais de 7.500 prazas públicas en escolas infantís (sendo as de fondos públicos mais de 16.300) só no que vai de lexislatura do actual goberno autonómico tense creado 2.100 prazas públicas e se prevé aumentar en 1.000 prazas mais. Velai o compromiso do goberno popular coa atención social.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que non entende o que di o PP e si isto non é unha privatización non o sabe. Tampouco falou do comedor privado (A voceira do PP dille que sí falou).

Continúa o voceiro do PSdeG-PSOE dicindo que a voceira do grupo PP da Xunta de Galicia, Marta Rodríguez, explicou que os “incrementos serían inferiores aos 10 últimos anos”, mais agora aplícase dunha soa vez a suba, e que o incremento das prazas non contempla a Rianxo, cando este concello dispón dunha parcela para ilo. Tampouco se di toda a verdade, xa que logo ampliase a taxa polo servizo do comedor, sendo como é un servizo fundamental para a conciliación da vida familiar e laboral, e ademais conxéllase o salario dos funcionarios, conxéllase o IPC, redúcense as axudas para os concellos e todo en favor do lucro de certas empresas. Con respecto a isto, a deputada Marta Rodríguez dixo que a xestión indi-

recta non conleva perda de calidade nin diferenza de prezos xa que as prazas serán públicas e seguirán cos mesmos ratios. Considera que a moción é, por todo o exposto, necesario para as familias.

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 6 do BNG, e 3 do PSOE-PSdeG), 0 abstencións e 6 votos en contra (os 6 do P.P.), dos 17 membros que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

7.- ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde ofrece o turno á voceira do grupo do PP.

NOVOS ROGOS E PREGUNTAS

Mª Vanesa Martínez Duran, concelleira do PP, formula os seguintes:

Preguntas

***P.1.-** Cal é a factura que lle ten que abonar Portos de Galicia? pode indicarlle datos de cando llo requiriu ou foi verbal?*

***P.2.-** PRUX tras unha moción presentada polo concello en que tramite se atopa? Aprobouse?? Houbo algunha emenda??*

***P.3.-** O anterior avogado, o Sr. Roibas presentou unha folla de encargo de servizos profesionais?.*

***P.4.-** En que situación está a tramitación do PXOM?.*

***P.5.-** Xa está en funcionamento a campaña de tratamento de residuos?.*

***P.6.-** Cal é a débeda do concello de Rianxo a día de hoxe?.*

Non se formulan mais rogos e preguntas polo resto dos concelleiros.

Comeza a Alcaldía a responder as formuladas hoxe:

R.1.- O Alcalde di que a factura de Portos de Galicia ten que ver cunha iluminación de que dispón Portos conectada ao concello, mais é a suma do alumeado e tamén de 12.000€ que permitiron mercar un equipo para separar o alumeado do concello co de Portos. A reunión foi en decembro, e haberá uns 15 días lembroullo telefonicamente de xeito cordial. Por escrito hai un escrito sen saída oficial que lle entregou ao director e logo hai un requirimento por rexistro mais recente.

R.2.- O Alcalde di que do PRUX resposta para o próximo pleno.

R.3.- O Alcalde di que non fixo ningunha folla de encargo de servizos profesionais.

Mª Vanesa Martínez Duran, concelleira do PP, pregunta si lla pasaron a vostede. O Sr. Alcalde dille que non como folla de encargo.

R.4.- O PXOM di que pasou un primeiro trámite, recibíuse o informe ambiental da Xunta de Galicia e o equipo redactor esta traballando no prazo sinalado. Se están recollendo no concello suxerencias de veciños preocupados pola situación da súa casa, e advertirlles que de non recollerse o documento de aprobación inicial aínda poderán interpor a correspondente alegación.

R.5.- Porase en marcha cando a Deputación Provincial de o visto bó aos pregos técnicos que se lle mandaron para a licitación.

R.6.- Di que lle dará conta da débeda.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:58 HORAS, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 20:58 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde.

A Secretaria.

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo